



Faite socia

Cultura

“En Asia hai unha pulsión de vida, Europa está máis morta... O futuro non está aquí”

Alberto Ramos @alberto_amos

venres 18, decembro 2015



María Meijide ensina o seu caderno CC-BY-SA Alberto Ramos

Malaisia, Birmania, Tailandia. Tamén Singapur, Laos, Vietnam. E por suposto, China. Esta é a viaxe que realizou a pintora María Meijide entre os meses de febreiro e agosto deste 2015. E esa mesma viaxe é a que nos propón no seu caderno *De Kuala Lumpur a Beijing*, un volume no que recolle as pinturas que realizou ao longo do seu periplo e que significa unha sorte de “reportaxe pictórica” sobre o Extremo Oriente. Trátase dunha autoedición que Meijide levou a cabo grazas ao micromecenado que impulsou a través dunha campaña de Verkami que estará aberta até o día 24 de decembro. A meta para materializar a obra xa foi acadada. O título ha ser, polo tanto, unha realidade. Así, o día 29 deste mes presentará o caderno no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), en Compostela. Falamos coa artista do libro, da situación nas artes plásticas e, por suposto, da experiencia que significou viaxar durante meses por gran parte de Asia.

O día 29 deste mes presentará o caderno no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), en Compostela

Este é o primeiro caderno de viaxes autoeditado e financiado por *crowdfunding* que publica.

Realmente é a primeira edición que fago dun caderno de viaxes. É ademais, autoedición. Normalmente facía estes cadernos sen intención sequera de vendelos, cría que non funcionaban como obras autónomas. Os cadernos utilízoos sempre porque son reportaxes pictóricas das viaxes que serven despois para traballar sobre esas ideas. A primeira vez que vendín un foi porque o levei a enmarcar e o tipo dos marcos ofreceume unha cantidade e vendino. Pero eu non tiña a idea de que servisen como obras autónomas. Iso foi en 2006, tras unha viaxe a Senegal. *Cacheiras-Dakar*, chamábase. Ese foi o primeiro caderno e realmente nunca fixera unha edición nin autoedición. Si que traballei con editoriais e coñezo, un pouco, o mundo editorial e non me gusta como se manexa o tema das porcentaxes. O noso é un traballo totalmente autoral do que levas un 10% por mor das editoriais. Non digo que despois non teñan magníficas proxeccións, pero eu aínda non accedín a elas. Así que... O mundo editorial? Non creo que compense. Non sei se falo con moita autoridade, seguramente non coñezo o mundo editorial tan a fondo, pero si o da subsistencia artística. Teño que facer cousas que sexan solventes e esta é a maneira.

Interésame que o meu traballo estea enmarcado nunha economía real e no mundo da arte tes moitas veces estas supraestruturas museísticas e institucionais que crean un mundo no que os artistas viven na precariedade

Como é a subsistencia artística?

Moi dura. A min interésame que o meu traballo estea enmarcado nunha economía real e no mundo da arte tes moitas veces estas supraestruturas museísticas e institucionais que crean un mundo no que os artistas viven na precariedade. Nese sentido, penso que fun bastante *outsider*, nunca fun unha artista de institución... E iso non quere dicir que non quero que me conviden as institucións nin digo que non teñan o seu labor importante, mais a maneira que está organizado o asunto e a maneira a través da que eu accedín sempre a este circuío... Pois mira, en todo momento as opcións foron precarias.

Eu optei sempre por vivir do meu traballo. Comecei vendendo na rúa. En Sevilla, na Praza do Museo, vendía os traballos de quinto de carreira. Ese é un contacto directo coa economía real, unha economía real que ten que ver moito co meu traballo. Porque a miña é unha pintura que traballa en contra da idea de grandeza e de certas narrativas do importante, que son as que están nas institucións.

Daquela, cre que a economía dos museos, das galerías e das institucións é unha economía irreal?

Eu penso que si.

Por que?

Por exemplo, as galerías -que son empresas privadas e teñen todo o seu dereito- traballan sobre o 50% do traballo do artista. Iso implica que haxa uns custes e que as obras teñan uns prezos finais bastante altos. Non digo que as galerías non teñan que funcionar, pero é difícil que podamos manter un traballo que estea inserido nunha economía real á que calquera persoa poida acceder se temos estas porcentaxes. E despois, a nivel de institucións... Non sei como funcionan moitas, pero realmente traballan coma se fosen empresas privadas con diñeiro público. Non estou certa, mais esa é a miña impresión. Traballan con partidas de diñeiro público, contratan comisarios sen concurso público ao que poidas acceder cunha serie de méritos. Non se pode.

"Foi unha única viaxe. Dende febreiro até agosto de 2015 e dende Kuala Lumpur até Beijing"

Sobre a viaxe, sobre este *De Kuala Lumpur a Beijing*. Foi só unha viaxe ou foron varias? Pregunto porque a distancia entre un lugar e o outro é considerable

Esta foi unha única viaxe. Dende febreiro até agosto de 2015 e dende Kuala Lumpur até Beijing. O que pasa é que fixen dous cadernos da viaxe. Comecei en Kuala Lumpur e dalgunha maneira era unha viaxe iniciática a Asia, comezando por Malaisia onde teño unha serie de amigos. Era unha idea romántica e para ver que ofrecían estas paisaxes. Era unha viaxe cun interese consciente de busca artística e de definición dunha voz pictórica propia a través dun caderno de viaxe e dos materiais que me ía encontrando, das paisaxes e das cores.

"Hai países moi rurais, como Laos ou a mesma Birmania, que non teñen nada que ver coas ateigadas rúas de Singapur, de Bangkok ou Kuala Lumpur..."

Falamos dunha viaxe moi ampla e por un vasto territorio. Hai paisaxes moi diferentes, entendo. Ademais, tamén supoño que haberá contrastes entre lugares como Kuala Lumpur e outros países e cidades... Quizais un contraste entre zonas obscenamente ricas e outras con moita miseria.

Os países son moi diferentes entre si. Entre Singapur e Birmania hai unha diferenza bestial. A viaxe foi por Malaisia, Singapur, Birmania, Tailandia, Laos, Vietnam, Hong

Kong e China. E claro, hai moitísimo cambio. Pero si que estás en Oriente e é como cando visitan Europa: hai semellanzas, hai un contexto común, pero claro é que hai moitas distincións entre Suecia e O Grove. Eu falaría máis da distancia entre os focos urbanos e as zonas rurais. Hai países moi rurais, como Laos ou a mesma Birmania, que non teñen nada que ver coas ateigadas rúas de Singapur, de Bangkok ou Kuala Lumpur... Ese contraste das urbes asiáticas no que ves uns edificios espectaculares, cun capitalismo exacerbado que pode resultar moi orgánico e en certo modo atractivo para ver dende fóra... Porque no fondo é como ir a unha feira. É unha cousa tola os edificios! En Hong Kong, xa sabemos, á rúa non chega a luz do sol. E a cidade medra cara a arriba. É unha sorte de xungla que se dispara. En termos orgánicos, de representación gráfica, é moi rechamante. Quedas atordada pola cantidade de estímulos. De feito, cando volvín, Madrid pareceume que estaba baleiro. Pero si, claro que hai escuridade aí. Hai un *desmadre* que implica un déficit noutros sentidos. Hai un desequilibrio, hai miseria.

"Quedas atordada pola cantidade de estímulos. De feito, cando volvín, Madrid pareceume que estaba baleiro"

Daquela o contraste entre o rural e o urbano é o máis notorio?

Seguramente. Pensa que Birmania, por exemplo, é unha sociedade moi tribal nalgúns aspectos. Van pintados de amarelo pola rúa. Nas cidades, na propia capital...

En Singapur non van pintados, claro...

Non, pero Singapur dá a sensación de artificial e de efecto de *déjà vu*. Tes moitas réplicas de edificios londinienses, parisienses.. É unha especie de heterotopía; é unha cidade moi particular. Parece unha fuxida cara a adiante constante a partir de imaxes que nós recoñecemos. Todo o ambiente da cidade é así como... Non sei como explicalo... É unha construción moi nova, teñen unha renda per cápita bestial, é hipersegura, é hipertecnolóxica. Tes, por exemplo, todas as noites espectáculos de luces, proxeccións nos edificios... Non sei, é como unha especie de Puerto Banús e Marbella ao grande. A verdade, é todo máis *kitsch* ... As cidades son máis *kitsch*.

"Nas culturas asiáticas está moi mal visto o roubo, é moi difícil que che rouben. Tes esa seguridade nas grandes cidades"

E terán tanta corrupción como en Marbella houbo?

Pois imaxino... Non, a verdade é que non sei, pero non creo que haxa tanta ou polo menos como a entendemos acó. O que pasa é que todo o sistema apoia un capitalismo tan salvaxe e tan radical... É un mundo diferente. Tamén, que dicir... Por exemplo, nas culturas asiáticas está moi mal visto o roubo, é moi difícil que che

rouben. Tes esa seguridade nas grandes cidades... Agora ben, como te metas co goberno, pouca seguridade hai.

Se falamos do caderno, entendo que non se recollen todas as pinturas que fixo durante a súa viaxe.

Non, o caderno que edito ten 148 páxinas e o total serían máis de 300. Hai moita cousa que non puido entrar.

Cal foi o criterio de selección?

Interesábame que houberse representación de todos os países que visitei, malia que non estiven o mesmo tempo en cada un deles. Tamén quería respectar a orde cronolóxica.

"Non creo que se poida explicar o caderno noutros termos que non sexan cromáticos"

O fío condutor é cronolóxico entón?

Si, cronolóxico, xeográfico e fundamentalmente cromático. Nese sentido non foi necesario un gran traballo de selección porque xa hai unha evolución cromática no caderno, xa hai unha investigación cromática. É que non creo que se poida explicar o caderno noutros termos que non sexan cromáticos. É difícil falar disto en termos de narrativa, porque non hai unha narrativa que non sexa cromática.

Ten o prólogo en galego, castelán, inglés e chino. Pretende vendelo alá tamén?

A min interesaríame que si, porque moita xente que sae ou participa no libro é destes países. E o inglés é un dos idiomas oficiais en Malasia, de feito falaba cos amigos en inglés e non en malaio.

En galego tampouco, claro...

Non. Pero oes, hai unha comunidade que fala portugués moi singular... Estiven en Malaca, no sur da Malaisia continental. Alí hai unha comunidade de 1.200 falantes que falan portugués e que son descendentes dunha partida de homes que foron alá con Afonso de Albuquerque e alí quedaron. Estiven falando moito con eles e eles séntense portugueses. E eu dicíalles: "Son de Galicia". E eles respondían "a nossa terra-mãe".

Sabía, loxicamente, de Macao e doutros lugares. De Malaca, nada..

Estes lugares son unha pasada a nivel de fusión gastronómica, paisaxística, cultural, arquitectónica. Son moi *kitsch*, porque todo é unha mestura.

E que me di de China?

Fixen un percorrido que non é moi grande. Fun de Hong Kong a Shangai, de Shangai a Nanjín, onde me atopei cunha amiga de Marín e fomos xuntas a Beijing.

Pero así pola rúa?

Non, ho! Quedei con ela, ela vive alí. É Andrea Nunes e traballa na Universidade. Fun coñecendo o ambiente universitario, foi moi ben... Porque penso que de todos os países que visitei, China sería o que máis posibilidades ofrece para integrarse. Hai tanto de todo!

"[En Malaisia] As mulleres nunca levaron veo, nin había esa diferenciación nos trens. E todo isto comezou fai dous ou tres anos"

Algún outro país?

Malasia gustoume moito, pero alí cada vez hai máis unha tendencia islámica radical en auxe que non me convence. Non me convence no sentido da segregación. Por exemplo, vagón de trens homes-mulleres... Malia que é un país moi igualitario, si que hai unha presión internacional de Oriente Medio, de Arabia Saudí, que é quen mete pasta alí, para que haxa esta tendencia islámica radical que nunca houbo. As mulleres nunca levaron veo, nin había esa diferenciación nos trens. E todo isto comezou fai dous ou tres anos. Os amigos que viven alí é o que me dixeron. Eles díxéronme que as súas primas antes non levaban veo e agora si. Antes non era así. Non me pareceu un sitio para quedarse e eu ía coa idea de que seguramente si. Pero agora non queredo quedar... Polo menos, nos próximos anos... É que non me apetece coller o tren de mulleres.


Vietnam, despois encantoume. A xente é simpática, irónica e orgullosa, quizais porque lle gañaron a guerra a todo o mundo. E tamén estaba moi ben, porque alí, volvía a entender o alfabeto. No resto de países non entendes a grafía. Ser un analfabeto é duro. En Vietnam non entendía case nada, pero podía ler os rótulos. Tamén vexo posible o de quedar vivir aló.

"A min chamoume moito a atención que un día falei cunha amiga que vive en Hong Kong e que dicía que non lle interesaba vir a Europa. Europa era para ela unha cousa que estaba ben para unha viaxe romántica ou por simple turismo"

E un sitio do que dixera: "Horror! Non quedo aquí nin tola".

Quizais, en Birmania. Alí houbo partes que vin moita pobreza. Son lugares duros. E tamén entrando polo sur de Tailandia vin moita pobreza... O gran problema da

pobreza é cando é indigna. Vías montañas de favelas. Non sei se me estou explicando moi ben [Pausa] En realidade, en Asia hai unha pulsión de vida, dá a sensación de que está todo por construír. Hai un futuro por construír. Aquí non hai esa sensación. Ese é o sentimento máis dominante, malia as favelas e malia a pobreza que a hai. Non sei, a min chamoume moito a atención que un día falei cunha amiga que vive en Hong Kong e que dicía que non lle interesaba vir a Europa. Europa era para ela unha cousa que estaba ben para unha viaxe romántica ou por simple turismo. "Pero que imos facer nós en Europa?", dicía. A ela interesáballe ir a Pequín, a Shanghai... Asia ten esa pulsión de vida, que dicía antes. En Europa non está o futuro, está máis morta. Esa é a sensación que teñen alá, é a percepción máis predominante e que máis percibes nestas cidades asiáticas.



María Meijide ensina o seu caderno CC-BY-SA Alberto Ramos



Alberto Ramos



Ver comentarios



Grazas ás socias e socios editamos un xornal plural

As socias e socios de Praza.gal son esenciais para editarmos cada día un xornal plural. Dende moi pouco a túa achega económica pode axudarnos a soste e ampliar a nosa redacción e, así, a contarmos máis, mellor e sen cancelas.

Quero ser de Praza

MÁIS SOBRE CULTURA



Prestige 20 [Cultura](#) / [Santiago](#)

'Sempre Máis': a mostra que busca "dignificar a desbordante creatividade popular" que protestou contra a xestión do Prestige

luns 23, xaneiro 2023

Este martes inaugúrase no Auditorio de Galicia a exposición 'Sempre Máis. Arte, ecoloxía e protesta na Galiza do Prestige', realizada por Unha Gran Burla Negra e comisariada por Germán Labrador. A mostra "non quere nostalgia nin celebración. Non quere dicir 'contra Fraga protestabamos mellor'" senón "resintonizar coas potencias dunha Galicia creadora", destacan



[Cultura](#) / [Lugo](#)

'(Re)conexión' entre a mocidade e as mulleres que non puideron compartir a súa historia

domingo 22, xaneiro 2023

'(Re)conexión' é un proxecto de Andrea Maseda de recolleita da memoria de mulleres anciás da provincia de Lugo e unha forma de volver unir lazos interxeracionais nas comunidades. O resultado é unha peza documental de vinte minutos con seis testemuñas que lembran a vida cotiá que xa non é

Síguenos



Sobre Praza

Fundación Praza Pública
 Contacto
 Licenzas
 Colofón
 Legal
 As cookies
 In English

Axuda

Como contratar publicidade en Praza.gal?
 Como escribir en Praza.gal?
 Como se financia?
 As contas de Praza
 Desgravación de doazóns

Todas as áreas

Política
 Deportes
 Ciencia e tecnoloxía
 Acontece
 Cultura
 Lecer
 Mundo
 Economía
 Movementos sociais

Lugares

A Coruña
 Ferrol
 Lugo
 Ourense
 Pontevedra
 Santiago
 Vigo

